



## A LA MESA DEL CONGRESO

El diputado del **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito al **GRUPO PARLAMENTARIO MIXTO**, al amparo de lo previsto en el artículo 185 y siguientes del Reglamento del Congreso, formula las siguientes **preguntas dirigidas al Gobierno para su respuesta por escrito sobre la campaña de promoción del tiburón, pez espada y marrajo en el marco del Convenio del MAPA con la Organización Interprofesional Pesquera INTERFISH.**

El 31 de mayo de 2025 se publicó en el BOE la Resolución de la Dirección General de Alimentación del Convenio alcanzado entre la Organización Interprofesional Pesquera Interfish y el Estado español, para la promoción del tiburón, pez espada y marrajo, en los mercados estatales a lo largo de los años 2025 y 2026.

Las actuaciones incluyen el desarrollo de una campaña publicitaria para difundir los beneficios del consumo de pescado y de estas especies pesqueras en concreto, a la que el Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación se comprometió a destinar un total de 60.000 euros para esa finalidad.

En el mes de agosto, INTERFISH presentó la campaña de divulgación «Conoce nuestros pescados protectores: tintorera, marrajo y pez espada». Una campaña que cuenta con financiación pública y en la que también participa la propia Xunta de Galicia. Sin embargo, y aunque la publicidad se ha desplegado en numerosos pueblos y ciudades gallegos, así como en medios de comunicación de Galicia, la campaña únicamente se está divulgando en castellano, excluyendo la lengua gallega en el propio país. Una ausencia clamorosa que denota una vulneración y falta de respeto de los derechos lingüísticos de los gallegos y las gallegas.

No se puede entender que una campaña que pretende sensibilizar a las personas consumidoras gallegas para aumentar la presencia de pescado en su dieta se desarrolle únicamente en castellano y no exista presencia de comunicaciones en gallego.

Efectivamente, la responsabilidad es compartida con la Xunta de Galicia, pero el Ministerio también tiene competencia como administración participante en la financiación de la campaña, para exigir el respeto a las distintas lenguas oficiales en las comunicaciones públicas. Es necesario que el Gobierno del Estado aplique su compromiso con el gallego y



el resto de lenguas oficiales distintas del castellano a todos los ámbitos, exigiendo que las campañas institucionales tengan presencia también en estas lenguas en los territorios que cuentan con lenguas propias.

La campaña se desarrolla en cuatro grandes acciones, algunas de las cuales aún están pendientes de ejecución y, por tanto, la corrección e implementación de medios en gallego aún es posible. Así, además de la publicidad en medios digitales, prensa escrita u otros medios físicos y la presencia en la feria Conxemar que se celebrará los días 7, 8 y 9 de octubre, está prevista la implantación de un *food truck* itinerante por la costa gallega los fines de semana, un simposio a finales de octubre en Vigo y el Congreso de FESNAD en noviembre. Todas estas actividades siguen siendo posibles para garantizar la difusión de la información en gallego en Galicia.

**Por los motivos expuestos, el BNG plantea las siguientes preguntas dirigidas al Gobierno:**

1. ¿Cuál es la valoración del Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación de la exclusión de la lengua gallega de la campaña de promoción del consumo de especies pesqueras, tiburón, marrajo y pez espada, que se está llevando a cabo en Galicia y con participación pública (Xunta de Galicia y MAPA) junto con la Organización Interprofesional Pesquera Interfish?
2. ¿Conocía de antemano el Ministerio que la campaña se realizaría únicamente en español pese a realizarse en una comunidad autónoma con lengua propia?
3. ¿Dio alguna indicación previa para garantizar el respeto a la legalidad y los derechos lingüísticos de la ciudadanía gallega?
4. ¿Cuál fue la colaboración del MAPA en la puesta en marcha de esta campaña dado que firmó un Convenio con la organización interprofesional INTERFISH? ¿Supervisó su ejecución? ¿Por qué no se está haciendo en lengua gallega?
5. ¿No consideró relevante que una campaña para incentivar y explicar el consumo de estas especies pesqueras que se va a desarrollar en Galicia se haga en gallego?
6. ¿Adoptará el MAPA las medidas necesarias para asegurar que las acciones publicitarias que quedan por ejecutar se corrijan y se realicen también en gallego?

Madrid, a 25 de septiembre de 2025

Néstor Rego Candamil



CONGRESO DE  
LOS DIPUTADOS



## **Diputado del BNG en el Congreso**



CONGRESO DE LOS DIPUTADOS  
SECRETARÍA GENERAL  
REGISTRO GENERAL

25 SEP. 2025 11:49:10

Entrada **82196**

Sobre a campaña de promoción do consumo de peixe  
financiada polo MAPA que exclúe o galego

Competencia	Otros Expedientes
Tipo Expediente	300-Escrito en lengua española distinta del castellano, oficial en Comunidad Autónoma (art. 92.1)

Fdo.: Néstor REGO CANDAMIL  
Diputado



## Á MESA DO CONGRESO

O deputado do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito ao GRUPO PARLAMENTAR MIXTO, ao abeiro do establecido no artigo 185 e seguintes do Regulamento do Congreso, formula as seguintes **preguntas dirixidas ao Goberno para a súa resposta escrita relativas á campaña de promoción da quenlla, peixe espada e marraxo no marco do Convenio do MAPA coa Organización Interprofesional Pesqueira INTERFISH.**

A 31 de maio de 2025 o BOE facía pública a Resolución da Dirección Xeral de Alimentación do Convenio alcanzado entre a Organización Interprofesional Pesqueira Interfish e o Estado español, para a promoción da quenlla, peixe espada e marraxo, nos mercados estatais ao longo dos anos 2025 e 2026.

Entre as actuacións inclúese o desenvolvemento dunha campaña publicitaria para a difusión dos beneficios do consumo de peixe e desas especies pesqueiras en concreto, comprometéndose o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación a achegar un total de 60 000 euros con esa finalidade.

No mes de agosto INTERFISH presentou a campaña de divulgación “Conoce nuestros pescados protectores: tintorera, marrajo y pez espada”. Unha campaña que conta con financiamento público e na que tamén participa a propia Xunta da Galiza. Porén, e aínda que a publicidade foi despregada en numerosas vilas e cidades galegas, así como nos medios de comunicación da Galiza, a campaña só está sendo divulgada en español, excluindo a lingua galega no propio país. Unha clamorosa ausencia que denota unha vulneración e falta de respecto polos dereitos lingüísticos dos galegos e galegas.



Non pode entenderse que unha campaña que busca a sensibilización das persoas consumidoras galegas para incrementar a presenza na dieta de peixe, sexa desenvolta unicamente en español e non exista ningunha presenza de comunicacións en galego.

Efectivamente, a responsabilidade é compartida coa Xunta da Galiza, mais o Ministerio ten tamén competencia como administración participante no financiamento da campaña, para exixir o respecto polas distintas linguas oficiais nas comunicacións públicas. É preciso que o Goberno do Estado aplique o seu compromiso co galego e o resto de linguas oficiais distintas do español a todos os ámbitos, exixindo que as campañas institucionais teñan presenza tamén nesas linguas nos territorios que contan con idiomas propios.

A campaña desenvolverase en catro grandes accións, algunhas das cales aínda teñen pendente a súa execución e, por tanto, aínda é posíbel a corrección e implementación de medios en galego. Así, ademais da publicidade en medios dixitais, prensa escrita ou outros soportes físicos e a presenza na feira de Conxemar que decorrerá o 7, 8 e 9 de outubro, prevese a habilitación dunha foodtruck itinerante pola costa galega nas fins de semana, un simposio a finais de outubro en Vigo e o Congreso FESNAD en novembro. Actividades todas elas en que aínda é posíbel asegurar a difusión de información en galego na Galiza.

**Polos motivos expostos, o BNG formula as seguintes preguntas dirixidas ao Goberno:**

1. Cal é a valoración que fai o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación da exclusión da lingua galega da campaña de promoción para o consumo das especies pesqueiras, quenlla, marraxo e peixe espada, que se está a facer na Galiza e con participación pública (Xunta e MAPA) xunto coa organización interprofesional Pesqueira Interfish?



2. Coñecía de antemán o Ministerio que a campaña sería realizada unicamente en español a pesar de desenvolverse nunha comunidade autónoma con lingua propia?
3. Deu algunha indicación previa para asegurar o respecto pola legalidade e os dereitos lingüísticos da cidadanía galega?
4. Cal foi a colaboración do MAPA na posta en marcha desta campaña dado que asinou un Convenio coa organización interprofesional INTERFISH? Supervisou a súa execución? Por que non se está a facer en lingua galega?
5. Non considerou relevante que unha campaña para incentivar e explicar o consumo destas especies pesqueiras a desenvolver na Galiza se faga en galego?
6. Realizará o MAPA as actuacións precisas para asegurar que as accións publicitarias que restan por executar sexan corrixidas e realizadas tamén en galego?

Madrid, a 25 de setembro de 2025

Néstor Rego Candamil

**Deputado do BNG no Congreso**